

ADDENDA PROGRAMACIÓN DE TECNOLOXÍA

Curso 2021-2022

En base á publicación da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, incluímos a seguinte addenda á nosa programación, vixente no curso 2021-2022.

Acordos acadados no departamento:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN NA ESO

- Tendo en conta a citada orde, a avaliación farase por trimestre, tal como especificamos na programación de curso. **A nota media de cada trimestre terá que ser igual ou superior á cinco para acadar o aprobado.**
- **Na Avaliación Final**, faremos a **media ponderada tendo en conta a evolución positiva ou negativa de todas as avaliacións. A media para acadar o aprobado terá que ser igual ou superior a cinco.** No caso de **suspender**, o alumno/a terá que presentarse á **proba da Avaliación Final en Xuño e recuperar só as avaliacións suspensas.**
- A nota definitiva farase efectiva na Avaliación Final de Xuño, tal como recolle a orde.
- **A nota definitiva do alumnado participante en programas de intercambio ou estadias de longa duración noutras países calcularase en función da nota media que obtivera durante o período de tempo ordinario de estancia no centro aplicándolle un peso do 80% fronte a un 20% da nota resultante da convalidación obtida no país de visita.**
- Para o alumnado que teña materias non superadas total ou parcialmente, unha vez realizada a terceira avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que servirá como base para o deseño das correspondentes probas/tarefas de recuperación.
- **A nota da proba da Avaliación Final en Xuño terá que ser igual ou superior a cinco para acadar o aprobado.**

ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

- No mes de xuño, no período comprendido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final, do 6 ao 22 de Xuño, o profesorado da materia realizará actividades de reforzo, apoio e recuperación para axudar ao alumnado a superar a materia. O alumnado que teña algunha das tres avaliacións

parciais non superadas poderá realizar unha proba/tarefa final a efectos de obter unha cualificación final positiva. Os instrumentos ou ferramentas de avaliación consistirán nunha proba/tarefa final que será cualificada de cero a dez e a puntuación obtida substituirá a das avaliacións onde o alumno obtivo unha cualificación inferior a cinco e permitirá obter a nota media do curso mediante unha media ponderada tendo en conta a súa evolución e que quedará reflexada na avaliación final. Consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco.

- O profesorado tamén poderá entregar actividades de ampliación para os alumnos xa aprobados na terceira avaliación parcial.
- A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase efectiva na avaliación final de curso. O alumnado que teña as tres avaliacións parciais superadas poderá realizar unha proba/tarefa final a efectos de subir a súa cualificación final, que poderá verse incrementada ata un máximo dun punto. Os instrumentos ou ferramentas de avaliación consistirán nunha proba/tarefa final que será cualificada de cero a dez e a puntuación obtida permitirá incrementar a nota media do curso que queda reflexada na terceira avaliación ata un punto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN NO BAC

- En **Bacharelato mantense a avaliación extraordinaria**, que se celebrará a partir do 22 de xuño.
- No mes de xuño, e no primeiro curso de bacharelato, no período comprendido desde a realización da avaliación final ordinaria ata o remate do período lectivo adicarase á preparación e realización das probas extraordinarias e o profesorado da materia realizará actividades de reforzo, apoio e recuperación para axudar ao alumnado a superar a materia. O alumnado que teña algunha das tres avaliacións parciais non superadas poderá realizar unha proba final a efectos de obter unha cualificación final positiva. Os instrumentos ou ferramentas de avaliación consistirán nunha proba final que será cualificada de cero a dez e a puntuación obtida substituirá a das avaliacións onde o alumno obtivo unha cualificación inferior a cinco e permitirá obter a nota media do curso mediante unha media ponderada tendo en conta a evolución e que quedará reflexada na avaliación final. Consideraranse negativas as cualificacións inferiores a cinco.
- O profesorado tamén poderá entregar actividades de repaso e de ampliación para os alumn@s xa aprobados na terceira avaliación parcial.
- A cualificación definitiva das materias farase efectiva na avaliación final de xuño.
- **A nota definitiva do alumnado participante en programas de intercambio ou estadias de longa duración noutras países calcularase en función da nota media que obtivera durante o período de tempo ordinario de estancia no centro aplicándolle un peso do 80% fronte a un 20% da nota resultante da convalidación obtida no país de visita.**